ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN E REFORZO NA ESO

a. Recuperación durante o curso

En Lingua, en exames sucesivos, salvo que puntualmente se pida só unha parte específica, para a que logo se poñería un exame de recuperación.

En Literatura, mediante exames de recuperación.

b. Recuperación de materias pendentes.

Á hora de decidir a superación da materia pendente, en calquera dos cursos da ESO, os alumnos contarán coas seguintes posibilidades de avaliación non excluíntes entre sí.

- No caso da parte de Lingua, de carácter progresivo, poderase decidir a superación da materia pendente se, como consecuencia da avaliación continua da materia pertencente ó curso en que está matriculado o alumno, se considera que este ten acadado os obxectivos fixados para a materia pendente, recollidos nesta programación.
- O alumno poderá realizar ó longo do curso probas específicas destinadas á avaliación dos contidos establecidos para a materia pendente.
- Na parte de Literatura examinaranse da materia correspondente ou, se o profesor así o considera, poderán superar esta parte realizando traballos que lles propoña o profesor.
- Por último, o alumno terá dereito, no mes de maio e no mes de setembro, a unha proba final de cada materia que teña pendente, tendo en conta que a cualificación da materia do curso no que o alumno está matriculado implicará a superación das materias pendentes con contidos progresivos.

c. Probas extraordinarias de setembro

As probas terán carácter escrito.

Os alumnos deberán examinarse de todo o programa dado ó longo do curso, incluídos os libros de lectura complementaria (en caso de non telos lido durante o curso) deberá examinarse deles en setembro.

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN EN BAC

a. Recuperación durante o curso

En Lingua, en exames sucesivos, salvo que puntualmente se pida só unha parte específica, para a que logo se poñería un exame de recuperación.

En Literatura, mediante exames de recuperación.

b. Recuperación de materias pendentes

Á hora de decidir a superación da materia pendente, os alumnos contarán coas seguintes posibilidades de avaliación non excluíntes entre sí.

- No caso da parte de Lingua, de carácter progresivo, poderase decidir a superación da materia pendente se, como consecuencia da avaliación continua da materia pertencente a 2º de BAC, se considera que este ten acadado os obxectivos fixados para a materia pendente de 1º, recollidos nesta programación.
- O alumno poderá realizar ó longo do curso probas específicas destinadas á avaliación dos contidos establecidos para a materia pendente.
- Por último, o alumno terá dereito, no mes de maio e no mes de setembro, a unha proba final de cada materia que teña pendente, tendo en conta que a cualificación da materia do curso no que o alumno está matriculado implicará a superación das materias pendentes con contidos progresivos.

c. Probas extraordinarias de setembro

As probas terán carácter escrito.

O alumno/a deberá presentarse co programa completo da materia, incluídos os libros de lectura complementaria. Só en casos excepcionais, e a criterio do profesor, o alumno poderá presentarse a unha parte específica do programa.